

RELATORIO SOBRE ACTUACIÓN POLICIAL O DIA 15 De XUÑO 2013 EN COMPOSTELA

EsCULcA (Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades) vén constatando con preocupación as restricións que na Galiza está a padecer o exercicio do derecho de reunión e manifestación consagrado no artigo 21 da Constitución de 1978. Son varias as Resolucións Administrativas da autoridade gobernativa que nos últimos anos deron unha interpretación estrita deste derecho de configuración constitucional e dos mínimos requisitos que para o seu exercicio impón a LEI ORGÁNICA 9/1983. Así, ditáronse acordos prohibindo concentracións por estas teren sido comunicadas fóra de prazo, mesmo no caso en que a causa de urxencia da convocatoria era patente.

Son numerosos tamén os expedientes sancionadores incoados nos últimos anos ao amparo da lei de seguranza cidadá a participantes en concentracións e manifestacións.

É neste contexto como ESCULCA, en exercicio das suas finalidades estatutarias, decide emprender un traballo de observación en determinados actos, manifestacións ou reunións celebrados ao longo do país, para comprobar se se observa o escrupuloso respecto ao derecho constitucional que plasma unha das formas de participación directa da ciudadanía no exercicio da acción política. Neste mesmo contexto, e co propósito de documentar as irregularidades que eventualmente viñeren a producirse para poder dar conta delas, EsCULcA decide elaborar en cada caso un relatorio que recolla todas as incidencias observadas directamente e incorporar en apéndice aqueloutras, anteriores ou posteriores ao desenvolvemento do acto en si, de que tiver constancia. Estes relatorios son enviados posteriormente aos portavoces dos tres grupos do Parlamento Galego, ao Valedor do Pobo, á oficina do *Defensor del Pueblo* así como a organismos e observatorios europeos, deputados galegos no Congreso e no Parlamento Europeo e medios de comunicación social.

MANIFESTACION DIA 15 DE XUÑO DE 2013

A marcha parte ás 19:27 da Alameda e chega ás 20:12 á praza do Toural despois de decorrer por diferentes ruas e prazas do casco histórico de Compostela. Na praza do Toural desenvolveuse un acto reivindicativo en que interveñen varias persoas antes de o grupo se disolver (ás 20:31). Non se observa incidente algúun durante o percorrido nin no acto da praza do Toural.

Presenza policial

Afora un vehículo da PN, non se observa a presenza de ningún dispositivo policial até a entrada da Praza do Obradoiro, onde están situados axentes das Unidades de Intervención Policial (36 aproximadamente).

En materia de identificación, compre sinalar que, embora non se detecte neste primeiro dispositivo incumprimento da Instrucción 13/2007, a reducida dimensión das placas e o feito de os axentes portaren unicamente unha placa, colocada sobre o uniforme regular, torna difícil, e no caso de vestiren chaleque anti-golpes imposíbel, a lectura do número.

Isto revela que, a pesar do compromiso do goberno de as pór en práctica de inmediato, até o momento non foron instauradas as medidas propostas pola Defensora del Pueblo para facilitar a identificación dos membros dos corpos e forzas de seguranza do estado: aumento das dimensíóns

das placas e obligación de as portar nas diferentes prendas de uniformidade

Igualmente se observa importante presenza policial na Rúa do Preguntoiro, onde están situados 16 axentes divididos en dous grupos (de 11 e 5 persoas respetivamente) na altura dos locais da redacción do xornal compostelano El Correo Gallego.

Neste caso si se detecta incumprimento da Instrucción 13/2007: no grupo situado na porta do local, (5 axentes) apenas 1 exhibe a placa regulamentar. No grupo situado en fronte: 4 axentes levan a placa á vista, dous ocultan a zona cos brazos e 5 van sen identificar.

Obsérvase así mesmo a presenza de policías sen uniforme e dun helicóptero da PN que a partir das 19:45 sobrevoa a marcha.

Incidencias posteriores á manifestación

Cando as entidades convocantes deran xa por rematadas das actividades reivindicativas, varias persoas (4/5) son interceptadas por un grupo de axentes chegados nese momento à Porta Faxeira en dous vehículos policiais. Os axentes fan burla, insultan e empurran estas persoas para as obrigar a se deslocaren uns 20 mts sen que conste razón algúnhha que poida xustificar esta actuación. Posteriormente proceden a identificar tres delas, dúas menores de idade, sen as informar as afectadas en ningún momento dos motivos deste proceder.

Conclusión

Do punto de vista da normalización cívica do exercicio do derecho fundamental de reunión e manifestación, o noso Observatorio quere subliñar a absoluta normalidade, sen incidencia algunha, con que decorreu a manifestación que atravesou o casco vello de Compostela en horas de especial confluencia de veciños da cidade, sen que fose precisa en ningún momento a intervención policial.

Polo que concluimos como RECOMENDACION interesar da autoridade gobernativa especial medida no deseño dos operativos policiais de custodia do derecho de manifestación, evitando a presenza de UIPs ou helicópteros afora nos casos en que houber DATOS FUNDADOS de potencial alteración grave da seguridade cidadá (artigo 16 LO 1/92 , de protección da seguridade cidadá) , o que , amais de constituir unha medida proporcionada para garantir un exercicio do derecho de manifestación sen cortapisas, tería un beneficioso efecto na xestión orzamentaria das unidades policiais.

Galiza xullo 2013